

Expediente IET: P-19-669
Proxecto: Parque eólico Banzas
Concello: Outes, Negreira e Mazaricos (A Coruña)
Promotor: Green Capital Power, SL

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 11/02/2022 o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto de Parque eólico Banzas.

1. Antecedentes:

Con data do 14/12/2020 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que, se ben o EIIP se axusta formalmente á Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe e ao Regulamento da Lei 7/2008, as análises do impacto non resultaban axustadas á entidade do proxecto e indicábanse criterios e recomendacións para o axuste das medidas preventivas e correctoras.

Posteriormente, con data 27/12/2021 o IET emite un segundo informe sobre o EIIP modificado, no que sinalaba que aquel atendía ao indicado nas observacións do 14/12/2020, agás no referente a algúns aspectos das medidas correctoras do impacto visual e o impacto sobre os muros tradicionais. Tamén se sinalaba a necesidade de concreción no proxecto da medida compensatoria de creación dunha área recreativa.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

A documentación achegada polo Servizo de Enerxía e Minas da Coruña consiste nun escrito de resposta e un EIIP de data xaneiro de 2022 que inclúe os dous apéndices sobre os muros tradicionais e o acordo sobre barreiras vexetais, que xa se presentaran anteriormente. No



EIIP exprésase que as especies que se empregarán para as barreiras vexetais, a calquera distancia, serán bidueiro e carballo; así mesmo, concrétase a localización das citadas barreiras. Con base no apéndice ao EIIP referente aos muros de pedra, xustifícase que a afección aos muros de pedra en seco é puntual. Por último defínese sucintamente a intervención sobre a área recreativa como medida compensatoria. A empresa promotora propón a instalación de bancos e mesas de pícnic, un valado de madeira, papeleiras e un panel informativo.

Non se produce ningún cambio no deseño das instalacións do parque, polo que os seus efectos sobre a paisaxe serán os que xa se valoraron en anteriores informes.

Respecto ás medidas correctoras e compensatorias propostas cabe sinalar o seguinte:

- No relacionado coa afección aos muros tradicionais, dada a súa condición de muros reconstruídos, considérase adecuada a medida correctora de reposición dos mesmos.
- Considérase axeitada a solución adoptada para reducir o impacto visual desde os núcleos de poboación e outros puntos, así como as especies arbóreas propostas para as barreiras vexetais.
- Polo que atinxe á proposta de medida compensatoria, cabe sinalar en primeiro lugar que non se considera unha compensación do impacto sobre a paisaxe, sen prexuízo de que o poida ser respecto doutras variables. Ademais diso, non se considera congruente co establecido na *Guía de boas prácticas para a identificación e acondicionamento de miradoiros* (publicada na web da Xunta de Galicia), toda vez que a colocación de bancos e mesas nunha zona sen vocación de estancia non concordaría cos criterios de integración das intervencións en miradoiros.

4. Conclusión:

O EIIP considérase completo e axustado ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual dos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará no tempo durante o período de explotación do parque, e se verá incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar os núcleos rurais máis próximos e o Camiño de Santiago a Fisterra. Esta incidencia visual non supón un impacto crítico, se ben respecto aos núcleos rurais pode ser mitigada, en parte, coa aplicación das medidas propostas no EIIP, consistentes na execución de pantallas vexetais.

Respecto a outros impactos, considéranse abondas as medidas preventivas e correctoras recollidas no EIIP.

En todo caso, de acordo co artigo 30 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

